

Igrexa parroquial de Santiago

010071

Datos de Localización

Igrexa

Nomenclator:	3200503
Coord. UTM:	X: 609311 Y: 4648030
Concello:	Baltar
Parroquia:	GARABELOS DO BOUZO
Lugar:	Garabelos
Tipoloxía:	Arquitectura Religiosa
Tipo:	Igrexas
Subtipo:	Igrexa



Denominación: Igrexa parroquial de Santiago

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Renacentista

Outros Estilos:

Descrición:

Igrexa de perpiaño con planta rectangular dunha soa nave, sancristía adosada no seu lateral dereito, co presbiterio lixeiramente elevado e a cuberta de tella do país a dúas augas.

A fachada principal ten portada con arco de medio punto con grandes dovelas, moldura no intradós e pilastras molduradas sobre pedestal tamén con molduras. Por riba do arco, ocupando a zona central, ten unha cornixa moldurada e un rosetón de estrela de seis puntas labrado. O remate superior de espadana con corpo de dobre arco de medio punto con dúas campás e frontón triangular agudo decorado nos extremos con pequenos pináculos piramidais e coroados por cruz florenzada.

No lateral esquerdo ten outra porta de acceso tamén con arco de medio punto e grandes dovelas. No dereito, a sancristía rectangular ten no lado curto do testeiro un vano cuadrangular.

Toda igrexa incluída a sancristía, vai percorrida por unha cornixa moldurada. Tendo en conta a diferenza de nivel que se pode apreciar nesta cornixa, pódese afirmar que o edificio orixinal do século XVI cun único volume, ampliouse no XVII, coa sancristía e o presbiterio a maior altura.

Ao longo do paramentos da igrexa hai cruces latinas en relevo, que se corresponderían con antigas sepulturas. Ademais, aparece circundada por un muro de cachotería que alberga o adro e o cemiterio.

A ficha do Ministerio de Cultura fai referencia a unha inscrición a dereita da porta principal, que non se atopou e que o propio sancristán descoñecía:

·JÜPION CAN
TERO 130L _
OBAZ IPGT

A transcripción sería: Jerónimo Diaz Cantero hizo la obra 1567.

No libro de Contas 4.7.5, aparecen as seguintes referencias: no fol.42,1900 "Por el nuevo techo del coro y reforma de la nave 1600 rls" e no fol. 45, 1905 "4 @ de cal para reformar el campanario 5 pts".

DOCUMENTACION:

-Ficha Inventario artístico.

-A.H.D.OU.
GARABELOS, Santiago y BOUZO.
4.7.5. Cuentas (1813-1839)

Características Construtivas

Plantas: Baixa

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito e madeira

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos: Rosetón de seis puntas na fachada principal. Tanto na ficha da Xunta como na do Ministerio sinalan que podería pertencer á etapa románica de dita igrexa.

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Religioso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: No anos 2002, ante o risco de desplome, a fachada principal desmontouse e volveuse a montar pedra a pedra, respetando a estrutura orixinal. A cuberta tamén se restaurou ese mesmo ano. Hai lugar chamado "Igrexa Vella" no que os veciños din que había pías de granito. Isto indica que nesta zona, existiu un edificio do que poderían quedar restos soterrados. Segundo as fichas da Xunta de Galicia e do Ministerio de Cultura, na igrexa consérvanse restos arquitectónicos de época románica, como o rosetón de seis puntas.

Bens Mobles











